

## ANUNCIO

### CONCURSO - BAREMACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS

#### **Proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de Concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Técnico de Urbanismo incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.**

Consonte coa previsión contida na Base Sexta das Bases Xerais e Bases Específicas reguladoras das convocatorias e procesos selectivos referentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, reúnen os membros do Tribunal de Selección para a resolución das alegacións presentadas á baremación provisional de méritos, consonte a composición determinada na Resolución da Alcaldía núm. 2909/2023 do 18/10/2023 (BOP núm. 203 do 24/10/2023).

O Tribunal ten a súa disposición o expediente completo con todos os antecedentes necesarios e no que constan, entre outros, as solicitudes das persoas aspirantes presentadas e admitidas e a documentación que se achega ás mesmas para a valoración de méritos, así como as alegacións presentadas no prazo disposto de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, da cualificación da baremación de méritos do concurso.

Realízase o presente acto para tratar as alegacións presentadas polas persoas aspirantes:

#### **Alegación 1:** D. Domingo Bayo Rodríguez

Previa ponderación dos membros do tribunal, por unanimidade, acordan:

**Desestimar** a alegación presentada por D. Domingo Bayo Rodríguez consonte a seguinte motivación:

As convocatorias e as bases, vinculan tanto ao tribunal cualificador como aos aspirantes, sen perxuízo que podan ser revisadas a través do procedemento establecido nos artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O carácter vinculante das Bases da convocatoria foi reiteradamente recoñecido polo TS, que considera que forman normas de obrigado respecto, que concretan en cada caso o contido do dereito fundamental e constitúen o marco xurídico no que deben realizarse todos os actos xurídicos de que se trate, converténdose na lei do sistema selectivo ou do concurso segundo principio consagrado de forma unánime pola xurisprudencia, logo son a lei que regula aquel, de aí a necesidade de transparencia e publicidade das mesmas.

De acordo a este argumentario a Sentenza do TS do 12 de decembro de 2012, que indica:

*"...como reiteradamente vén sostendo esta Sala, as bases da convocatoria dun proceso selectivo constitúen a lei á que ha de suxeitarse o procedemento e resolución dos mesmos de forma que, unha vez firmes e consentidas, vinculan por igual aos participantes e á Administración."*

Por tanto, as Bases determinan o procedemento selectivo e regulan as distintas actuacións e o contido do proceso correspondente, entre eles, a forma de baremar os méritos. Este concreto acto de baremación que realizou este tribunal en aplicación das bases ás que está vinculado e non outro, é polo que concedeu un período de alegacións. Contra o mesmo non se formula ningún tipo de alegacións polo que compre desestimar as mesmas.

Así o dispón tamén o art. 15.4 do RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado -RGI-, dispón que:

"As bases das convocatorias vinculan á Administración e aos Tribunais ou Comisións Permanentes de Selección que han de xulgar as probas selectivas e a quen participe nas mesmas."

Porén non corresponde a este tribunal manifestarse sobre o contido das bases, senón aplicalas pola vinculación as mesmas e todo elo sen prexuízo de que o aspirante poida exercitar os seus dereitos mediante a interposición dos recursos que correspondan en vía administrativa ou xurisdiccional.

Así mesmo, o Tribunal acorda a publicación da resolución das alegacións e publicar a relación definitiva de aspirantes propostos por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

Os resultados da baremación definitiva de méritos do concurso son os que de seguido se indican no **ANEXO I**.

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

A Presidenta  
Virginia Pérez Torres

O Secretario  
Miguel Piñeiro Souto

## ANEXO I

### Técnico de Urbanismo

#### ASPIRANTES PROPOSTOS COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Bareación CONCURSO		
				6. A)	6. B)	TOTAL
1	MALLO VARELA	JOSE ANTONIO	***5076**	90,00	10,00	100,00

Base 6. A) Experiencia profesional

Base 6. B) Formación académica e non académica

#### ASPIRANTES PROPOSTOS PARA A LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Bareación CONCURSO		
				6. A)	6. B)	TOTAL
1	VILAS FERNANDEZ	ANA BELEN	***9407**	90,00	10,00	100,00
2	BASANTA GARCIA	AURELIA MARIA	***7724**	90,00	10,00	100,00
3	BAYO RODRIGUEZ	DOMINGO ANGEL	***8994**	50,50	10,00	60,50
4	COCIÑA CABANAS	MARIA DOLORES	***9357**	28,65	10,00	38,65
5	HERRERO-RINCON GONZALEZ	MARTA	***0920**	23,02	10,00	33,02

Base 6. A) Experiencia profesional

Base 6. B) Formación académica e non académica